



EBRI KNIGHT

GUERRILLA

A BANDA

Ebri Knight veñen do Maresme, unha comarca onde o mar e a montaña se unen a medio camiño entre a Selva e Barcelona. Dende o principio aproxímanse ás melodías que saían do pobo catalán, aos instrumentos tradicionais e ás voces populares que soaron desde hai séculos polas rúas da Cataluña folclórica.

Beben da tradición para reinventala no seu espectáculo, para levar con toda a enerxía que poden unha música que está a cabalo entre a memoria e a imaxinación, entre o pasado e o futuro, pero sempre cos pés postos ao presente. Porque aquilo que é popular non pode deixar de ser enérxico e o folk ten toda a forza do pobo que ten detrás e de todo aquel que quere cambiar o mundo.

É por iso que fan a música que fan.

O ESPECTÁCULO

Con tres discos ás súas costas, *Foc!* (2015), *La palla va cara* (2013) e *Tonades de fa temps* (2011), Ebri Knight definen o seu estilo como folk-rock hooligan en catalá, e o que fan é recoller toda a esencia da música tradicional e popular, cunha gra carga revolucionaria, e traérnola ao presente con toda a enerxía do rock. No 2018 presentaron o seu cuarto disco, *Guerrilla*, que os confirma como unha das bandas a seguir da escena catalana.

FICHA ARTÍSTICA

VÍCTOR LAUNES: *frauta travesera, whistles e voces*

TONI JOSEP CORRALES: *violín*

ARNAU AYMERICH: *voz, guitarra acústica e mandolina*

JORDI JULIÀ: *guitarra eléctrica*

ADRIÀ DÍAZ: *batería e voces*

ALBERT AVILÉS: *baixo eléctrico e voces*

MARC BÒRIA: *técnico de son*



75'



TODOS OS PÚBLICOS



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA